



CIRCULAR INFORMATIVA. USO DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR PARA O CURSO 2018-2019.

Recibidas as Instrucións por parte da Consellería para a planificación do transporte escolar cara o curso 2020-21 lembrámoslle os seguintes aspectos fundamentais:

1. Uso do servizo de transporte escolar:

Alumnado usuario lexítimo do servizo transporte: Se o domicilio está fóra do núcleo urbano no que estea situado o centro e, en calquera caso, a unha distancia do mesmo superior aos 2 Km.

Alumnado sen dereito a transporte: O alumnado que en base á normativa sinalada, non teñan dereito ao uso de transporte escolar, ben por vivir a menos de 2 km do centro ou ben por estar escolarizado fóra da súa área de influencia, malia poderá solicitalo con carácter excepcional, **sempre que se cumplan os seguintes requisitos:**

- Que existan prazas vacantes.
- Que non comporte a modificación das rutas.
- Que non supoña a creación de novas paradas.
- Que non incremente a duración do traxecto.
- Que non precise a incorporación de acompañante.

A solicitude de carácter excepcional están na páxina web do centro, tamén pode ser recollida na secretaría.

O prazo de presentación das mesmas: Preferiblemente coa máxima urxencia, para axilizar os trámites, **antes do 14 de setembro de 2020.**

Unha vez que o centro tramite as solicitudes, será a Xefatura Territorial quen emita a súa autorización.

A vixencia das autorizacións excepcionais comprenderá unicamente o curso escolar 2020-21. O feito de obter estas autorizacións por parte da xefatura territorial, non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún en cursos futuros; haberá que volver a solicitalas.

2. Uso de paradas:

Agás cambios de domicilio debidamente xustificados ante a dirección do centro, a asignación da parada para cada alumno será fixa para todo o curso.

- Utilización excepcional de dúas paradas por un mesmo usuario/a.

Para poder ter dereito á utilización de dúas paradas, é necesario que se cumpra:

- Petición formal e expresa, asinada polos titores legais do alumno/a que ostenten a súa garda e custodia.
- Xustificación acreditativa das situacións familiares e/ou laborais que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas para o mesmo neno/a (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e

garda compartida aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible das persoas titoras do menor).

- Compromiso de utilización continuada, ao longo do curso escolar, das dúas paradas de transporte escolar asignadas.

Unha vez presentas as peticións e xustificacións o centro solicitará a súa conformidade á Xefatura Territorial.

3. Solicitude de supresión, modificación ou creación de itinerario e/ou parada: parada en ruta, ramal ou variante.

Con carácter xeral, non se autorizan desviacións de itinerarios de transporte de menos de 2 km de distancia.

Non obstante, cando as circunstancias excepcionais así o aconsellen, os interesados poderán presentar no centro, o anexo I para tales efectos, totalmente cumprimentado. (Solicitarase na secretaría do centro).

Prazo de presentación, **ata o 17 de xuño**. Unicamente poderán ser tramitadas fóra destes prazos, solicitudes por necesidades de forza maior debidamente xustificadas.

A Secretaría Xeral Técnica, á vista dos informes e xustificacións achegadas, autorizará ou denegará o solicitado.

Atentamente, a dirección do centro.